



sáb.9 [20 e 22:30]
dom.10 [17 e 20]
luns 11 [22:30]

mércores 6
[20:30 e 22:30]



sáb.16 [20 e 22:30]
dom.17 [17 e 20]
luns 18 [22:30]

xoves 14
[20:30 e 22:30]



sábado 23
[16-19:30 e 22:30]
dom.24, luns 25,
mar.26 e mér.27
[16:30 e 20:00]
*Longa duración,
atención horarios*

xoves 21
[20:30 e 22:30]



ven.29 e sáb.30
[20 e 22:30]
dom.1 [17 e 20]
luns 2 [22:30]

xoves 28
[20:30 e 22:30]



O BARCO CULTURAL xuño 07



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



CAIXA GALICIA



IGAEM

Instituto galego
das artes escénicas
e musicais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



CONCELLO DO BARCO
CULTURA



TEATRO
MUNICIPAL
LAURO OLMO

venres 8 xuño / 21:00 h. / Teatro Lauro Olmo



Mofa e Befa XENTE AO LONXE

Director: Quico Cadaval
Elenco: Evaristo Calvo, Vitor Mosqueira e Piti Sanz
Público preferente: Adulto

A formación cómica por excelencia do teatro galego estrea espectáculo, con máis música e coas doses de humor acedo que caracterizan cada unha das súas montaxes: Sempre ao lonxe (ou a decadencia étnica) é unha colección de sketches sobre o fin das etnias que está chegando...

venres 15 xuño / 21:00 h. / Teatro Lauro Olmo




Companhia do Chapito O GRANDE CRIADOR

Xénero: Teatro musical
Autor: Creación colectiva
Música: Rui Rebelo
Elenco: Jorge Cruz, José Carlos García e Rui Rebelo
Público preferente: Xove e adulto

Deus creou a Adán e Eva ou simplemente os atopou? Cal foi a mazá que comeu Eva? Reineta, golden, starking... Os animais van para o ceo? Será que Darwin tiña razón? Será que a falta de espazo na arca de Noé foi a verdadeira causa da extinción dos dinosaurios?



Conferencia e presentación do libro "El arte de educar, Mis pensamientos y aforismos" de Javier Urrea, *psicólogo clínico da Administración de Xustiza e presidente da Rede Europea dos Defensores do Menor e colaborador de radio e TV.* xoves 7 ás 19:30 no Teatro Lauro Olmo
Organiza: Vagalume Valdeorras



Presentación do libro "Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)" de Ricardo Gurriarán, historiador, Premio da Crítica 2007. Será presentado por Ramón Villares Paz, Presidente do Consello da Cultura Galega, e por Lourenzo Fernández Prieto, vicerrector da USC. sábado 23 ás 20:00 no Edificio Multiusos

Organiza: Instituto de Estudos Valdeorreses



venres 22 xuño / 21:00 h. / Teatro Lauro Olmo

Centro Dramático Galego A PIRAGUA

Autor e Director: Cándido Pazó
Elenco: Xosé Manuel Olveira "Pico", Susana Dans, Iolanda Muíños, Marcos Orsi, César Goldi, Ricardo de Barreiro e Marián Bañobre
Público preferente: Adulto

Reunión da comunidade de propietarios dun edificio. No momento dos rogos e preguntas un propietario protesta porque hai un veciño que ten unha piragua na súa praza de garaxe. A comunidade divídese nos seus pareceres: nin os estatutos da comunidade nin a Lei de Propiedade Horizontal din nada sobre o uso específico das prazas de garaxe pero, segundo argumentan outros propietarios, as cousas son como son, como teñen que ser, e é obvio e natural que as prazas de garaxe foron creadas para ter nelas vehículos automóviles.

Acompañando a comunidade no desenvolvemento desta desavinza, que se prolonga durante varios días, imos descubrindo, xunto co resto das personaxes, que nun dos pisos está a desencadearse unha situación de violencia doméstica. É unha situación que sempre existiu dunha maneira máis ou menos larvada pero que ultimamente está intensificándose, ou cobrando máis visibilidade, debido á nova actitude da vítima. Trátase dunha muller que, farta de aguantar e ante unha progresiva toma de conciencia, decide enfrontarse para establecer unhas novas regras de xogo: as cousas poden e deben ser doutra maneira.



Música ao vivo

BARROBA

venres 1 Phantom Club
venres 8 Septiembre
venres 15 Stereotipos
venres 22 Moon Cresta
venres 29 Los Iribarnes
Todos ás 23:30 h.



Exposición

SARGADELO

New Vision

do 6 ao 30 de xuño.
Fotoinstalación de
Xosé Teiga



Exposición

Centro
Comarcal
Valdeorras

Ultrera, o Camiño
de Santiago

do 1 ao 15 de xuño
Fotografías de
J. Antonio Robés